Alba Castro, José Luis
Albo López, Mª Elena
Alonso Castro, Inés
Alonso Escontrela, Mª Luisa
Arévalo Tomé, Raquel
Arias Acuña, Alberto Marcos
Arias Fernández, Mª Cristina
Badaoui Fernández, Aida
Báez Montero, Inmaculada.C.
Barajas Alonso, Ángel A.
Barcía Rodríguez, Ignacio
Barreiro Alonso, Enrique
Barreiro García, Ramón
Basalo Domínguez, David
Benítez González, Julio
Bernal Gómez, Rosa
Brea Castro, Millán
Bueno Alonso, Jorge Luis
Cabeza Pereiro, Mª Carmen
Calvo Rapado, José Mª
Castro Betancor, Oscar
Castro Fernández, Lucía
Cebro Rodríguez, Juan M.
Chamorro Rivas, José María
Cid Fernández, Xose Manuel
Cid Sabucedo, Alfonso
Cid Samamed, Antonio
Corbacho Suso, Patricia
Costas González, Xosé Enrique
Chamorro Rivas, José María
De La Montaña Miguelez, Julia
De Oca Cancela, Guillermo
De Vicente Remesal, Javier
Díaz de Bustamante, Jaime
Docampo Amoedo, Domingo
Domínguez Castro, Luis
Domínguez Santiago, Mª De Los Ángeles
Durany Castrillo, José
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Fernández, Federico
Fernández Iglesias, Manuel José
Fernández Pérez, José
Fernández Sobrino, Ramón A.
Fraiz Brea, José Antonio
Gallardo Correa, Antonio
Galvez Ameijide, Luis Miguel
García Cutrín, Francisco J.
García Masegosa, Antonio
García Pino, Antonio
García Vázquez, José Manuel
Gil Martín, Emilio
Gil Villanueva, José Mª
Gómez Durán, Artur
Gómez Reboiro, José Luis
González Álvarez, Dolores
González Crespán, Mª Araceli
González Novas, Roberto
González Pillado, Esther
González Piñeiro, Manuel
Gónzalez Vázquez, Encarnación
Gregorio Vaqueiro, Xurxo
Hernández Sánchez, Jesús
Hervés Beloso, Juan Pablo

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día 4 de marzo de dous mil catro, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O xoves, **día 4 de marzo de 2004**, ás 10:20 horas, deu comezo a sesión extraordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte Orde do día:

**1.-** Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria do día 06/06/03 e das extraordinarias dos días 01/10/03 e 17/12/03.
**2.-** Informe do reitor.
**3.-** Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de réxime interno do Claustro para a súa adaptación aos Estatutos.
**4.-** Informe do Presidente do Tribunal de garantías.
**5.-** Elección de membros do Consello de Goberno:
- **a)** sector Decanos/Directores de centro, departamento ou Instituto Universitario: 4 postos vacantes
- **b)** membros aos que fai referencia o artigo 37 d) dos estatutos:
  - 10 membros do PDI (dos que oito serán funcionarios doutores)
  - 8 estudantes
  - 2 membros do PAS

**6.-** Elección dos representantes dos distintos sectores do Tribunal de Garantías.
**7.-** Elección da Comisión de reclamacións.
**8.-** Rogos e preguntas.

**Punto 1:** Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria do día 06/06/03 e das extraordinarias dos días 01/10/03 e 17/12/03.

Aprobación por asentimento

Iglesias Canle, Inés Celia
Iglesias Galán, Mª Hilda
Iglesias Randulfe, Mª Teresa
Labandeira Villot, Xavier
Lago Ferreiro, Alfonso
Lago Teijeiro, Juan Miguel
Ledo Díaz, Olaia M.
Legido Soto, José Luis
León Fong, Betty Mireya
Liz Marzán, Luis Manuel
Llamas Nistal, Martín
Loeck Fernández, Juan A.
López Mira, Alvaro Xosé
López Pérez, José
López Vidal, Mª Del Pilar
Lorenzo Merino, Fernando José
Lorenzo Suárez, Anxo Manuel
Lores Ínsua, Francisco Xavier
Marti Pellón, Daniel
Martínez Senra, Ana Isabel
Matias Fernández, José María
Mato de La Iglesia, Salustiano
Mazaira Castro, Andrés
Membiela Iglesia, Pedro
Méndez Martínez, Gonzalo
Míguez Tabarés, José Luis
Mollinedo Lois, Carlos
Nombela Castaño, Miguel Ángel
Otero Camiña, José Luciano
Palacio Sánchez, Xosé Antón
Palanca González, Mercedes
Pastrana Castro, Lorenzo Miguel
Paz Santos, Juan Carlos
Pazó Martínez, Mª Consuelo
Pérez Guerra, Javier
Pérez López, Serafín A.
Pérez Rodríguez, Francisco Javier
Pérez Teijeiro, José M.
Pose Blanco, José
Pou Saracho, Juan María
Prada Blanco, Albino
Ramos Cabrer, Manuel
Rey García, Daniel
Rey Losada, Francisco Jesús
Rey Moure, Rut Yolanda
Rial Otero, Ángel
Rivas Conde, Filemón
Rodeiro Iglesias, Javier
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier
Rodríguez Seoane, María Pilar
Román Lago, Carlos
Rueda Chimeno, Juan Carlos
Sanromán Braga, María De Los Ángeles
Santalla Del Río, Verónica
Santos García, José Santiago
Seoane Pampin-Montenegro, Anselmo
Simal Gándara, Jesús
Suárez Pazos, Mercedes
Surís Regueiro, Juan C.
Taboada Castro, Javier
Tojo Suárez, Mª De La Concepción
Torres Vázquez, Luis
Troncoso Durán , Dolores
Valero Gutiérrez Del Olmo, Enrique
Vaquero Díaz, Mª Beatriz
Vázquez López, Ezequiel M.
Vázquez Nuñez, Fernando Antonio
Veloso Fernández, Óscar
Vera Isasa, María
Viso Alonso, Augusto
Villaverde Creo, Miguel Anxo

**Punto 2:** Informe do reitor.

O reitor informa do seguinte:

- Da aprobación pola Xunta de Galicia dunha subvención para a Biblioteca central do campus de Ourense. A finais do mes de decembro de 2003 púxose a primeira pedra.

- Da sinatura dun convenio no mes de xaneiro co Banco Santander-Central Hispano polo que esta entidade aporta 300.000 € para a Universidade de Vigo.

- Da sinatura dun convenio no mes de febreiro en Pontevedra, entre varias institucións para poñer en marcha a titulación propia de Deseño téxtil e moda a partir do curso próximo. Así mesmo informa da oferta do alcalde de Pontevedra da cesión polo Concello, duns terreos nos que estaba instalada TAFISA para construír alí unha nova Facultade de Belas Artes, esto está aínda en estudio para despois asinar un convenio. Así mesmo o alcalde anunciou a cesión á universidade do edificio "Casa das Campás" recen restaurado.

- En relación co financiamento das universidades galegas, os reitores e a Consellaría de educación acordaron seguir coas conversas despois das eleccións xerais e parece haber indicios de acadar un acordo un pouco máis favorable que o acadado no último plan de financiamento.

- Non é necesario facer as eleccións correspondentes aos puntos 5 e 7 da orde do día por non haber máis candidatos que postos a cubrir. Si é necesario facer votación no punto 6.

- No sorteo para a orde de intervencións saíu a letra H.

**Punto 3:** Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de réxime interno do Claustro para a súa adaptación aos Estatutos.

O Reitor informa de que a Mesa do Claustro foi a encargada de facer as adaptacións técnicas obrigadas polos estatutos do Regulamento de réxime interno do Claustro, así mesmo incluíuse unha precisión sobre a perda da condición de claustral e que se recolle no artigo 7.3.

**Desculpan asistencia**

Carballo-Calero Ramos, Mª Victoria
Sánchez Bello, Patricio
Vilas Martín, Federido

Intervén o profesor Rodeiro en relación con este último tema e fai referencia ao feito de que se un claustral do sector B funcionario presenta a súa Tese de doutoramento perde a condición de elixibilidade polo sector que foi elixido e, polo tanto, deixa de ser claustral. Non obstante, se un claustral cambia de centro por cambio no seu POD, non perde a súa condición de claustral polo mesmo sector aínda que cambiou a circunscrición pola que foi elixido.

Propón revisar con máis detalle as condicións de elixibilidade e aplicalas a todos por igual. Remata a súa intervención sinalando que se a condición de claustral é indelegable ¿cómo pode ser substituído por outro?

O Reitor sinala que cando un profesor cambia de centro, por cambio no seu POD, non perde a condición de profesor, o mesmo sucede se un estudante pasa dunha carreira a outra, non deixa de ser estudante. Así mesmo indica que no punto 7.3 nunca se produce delegación por parte do claustral, senón que será substituído por outra persoa e sempre haberá un único representante no claustro.

Procédese á votación do Regulamento de réxime interno do Claustro:

| | |
|---|---|
| Votos a favor | 87 |
| Votos en contra | 3 |
| Abstencións | 29 |

Apróbase o Regulamento de réxime interno do Claustro que figura como Anexo I.

**Punto 4:** Informe do Presidente do Tribunal de garantías.

O Presidente do Tribunal de garantías fixo un informe que resume a memoria presentada e que figura como Anexo II.

Suxire as seguintes recomendacións e comentarios:

- O dereito irrenunciable dos estudantes a que os programas de todas as materias estean depositados nas secretarías dos centros e coa indicación precisa do sistema de corrección a utilizar polo profesor. Indica que o alumno ten dereito a que se lle cualifiquen todas as partes do exame.

- En relación coa avaliación curricular recomenda unha maior precisión no novo regulamento que se vai redactar.

- Suxire a creación da figura do titor.

- Comenta que ultimamente aumentou o número de solicitudes de revisión de exames por tribunais externos.

**Punto 5:** Elección de membros do Consello de Goberno:

**a)** sector Decanos/Directores de centro, departamento ou Instituto Universitario: 4 postos vacantes

**b)** membros aos que fai referencia o artigo 37 d) dos estatutos:
- 10 membros do PDI (dos que oito serán funcionarios doutores)
- 8 estudantes
- 2 membros do PAS

No sector Directores/decanos de centros, departamento ou institutos universitarios hai 4 candidatos para cubrir os catro postos vacantes.

Saen elixidos:

| | |
|---|---|
| DURANY CASTRILLO, JOSÉ | Dto. De Matemática Aplicada II |
| FANDIÑO ALONSO, XAIME | Fac. de CC. sociais e da comunicación |
| GONZÁLEZ PIÑEIRO, LUIS | E.T.S. de Enxeñeiros Industriais |
| TRONCOSO DURÁN, DOLORES | Dto. de literatura espa. e teoría da literatura |

No sector profesores funcionarios doutores hai 8 candidatos para cubrir 8 postos polo que saen elixidos:

COSTAS GONZÁLEZ, XOSÉ HENRIQUE
DE VICENTE REMESAL, JAVIER
HERNÁNDEZ SÁNCHEZ, JESÚS
MEMBIELA IGLESIAS, PEDRO
RAMOS CABRER, MANUEL
REY GARCÍA DANIEL
TOJO SUÁREZ, JOSÉ
VÁZQUEZ LÓPEZ, EZEQUIEL M.

No sector outro persoal docente e investigador hai 2 candidaturas para cubrir 2 postos polo que saen elixidos:

BARREIRO ALONSO, ENRIQUE
GIL VILLANUEVA, JOSÉ Mª

No sector estudantes hai 6 candidatos para cubrir 8 postos vacantes.

Saen elixidos:

CORBACHO SUSO, PATRICIA
GÁLVEZ AMEIJIDE, LUIS MIGUEL
LAGO TEIJEIRO, XAN
LEDO DÍAZ, OLAIA
RIAL OTERO, ÁNGEL
VILLAVERDE CREO, MIGUEL A.

Quedan dous postos vacantes.

No sector de persoal de administración e servizos hai dous candidatos para dous postos a cubrir polo que saen elixidos:

IGLESIAS GALÁN, HILDA
PAJARES DOMÍNGUEZ, SERGIO

**Punto 6:** Elección dos representantes dos distintos sectores do Tribunal de Garantías**.**

No sector de profesores funcionarios doutores hai dúas candidaturas presentadas:

CABEZA PEREIRO, Mª DEL CARMEN
CABEZA PEREIRO, JAIME

O resultado da votación foi o seguinte:

CABEZA PEREIRO, Mª DEL CARMEN 51 votos
CABEZA PEREIRO, JAIME 35 votos

Sae elixida Dona Mª del Carmen Cabeza Pereiro que obtivo unha maioría dos 2/3 dos presentes do seu sector.

No sector de outro persoal docente e investigador hai dúas candidaturas presentadas:

DÍAZ DE BUSTAMENTE, JAIME
GUEVARA JUNQUERA, SANTIAGO

O resultado da votación foi o seguinte:

GUEVARA JUNQUERA, SANTIAGO 11 votos
DÍAZ DE BUSTAMANTE, JAIME 7 votos

Sae elixido D. Santiago Guevara Junquera que obtivo unha maioría dos 2/3 dos presentes do seu sector.

No sector de estudantes, soamente hai presentada a candidatura de Don Ángel Rial Otero, que obtivo 9 votos polo que sae elixido, xa que significa unha maioría dos 2/3 dos presentes do seu sector.

No sector de persoal de administración e servizos hai tres candidaturas presentadas:

ARAUJO CASADO, RAMÓN
GRAÑA COSTAS, ROSA
MELÓN AMOR, ANTONIA

O resultado da votación foi o seguinte:

GRAÑA COSTAS, ROSA 19 votos
ARAUJO CASADO, RAMÓN 15 votos
MELÓN AMOR, ANTONIA 0 votos

Saen elixidos Dona Rosa Graña Costas e Don Ramón Araujo Casado que obtiveron unha maioría dos 2/3 dos presentes do seu sector.

**Punto 7:** Elección da Comisión de reclamacións.

Hai 6 candidaturas presentadas para cubrir 6 postos polo que saen elixidos:

BARREIRO BLAS, ANTONIO
HERVÉS BELOSO, CARLOS
RODRÍGUEZ ENNES, LUIS
RUZICKA KENFEL, VELJKA
TATO PLAZA ANXO
TOJO SUÁREZ, JOSÉ

**Punto 8:** Rogos e preguntas.

O Sr. Paz Santos roga que se estudie a posibilidade de integrar na universidade a escola de Prácticas xurídicas.

O Reitor di que nese caso o que se pode é establecer convenios de colaboración, pero a integración non procede.

O profesor Barreiro pregunta cal é o procedemento que se sigue para comprobar que un alumno claustral non está matriculado e perde a súa condición. Di que non lle parece lóxico que un alumno que rematou unha titulación de primeiro ciclo e que despois se matricula nun segundo ciclo, por estar un período de tempo corto sen matricular perda a súa condición de claustral.

O Reitor di que o procedemento que se sigue en Secretaría Xeral é solicitar información aos servicios informáticos de xestión unha vez rematado o prazo de matrícula. Considera que no caso particular ao que fai referencia o que procedería sería unha instancia desa persoa ao reitor e con iso informaría á Mesa do claustro para que non fose dado de baixa.

A Sra. Corbacho pregunta cando vai informar o vicerreitor de planificación sobre as reformas necesarias para recuperar o comedor na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Así mesmo informa dun rogo de varios alumnos da quenda de tarde para que os servicios de secretaría do centro estivesen abertos pola tarde polo menos un día á semana.

O reitor di que trasladará a primeira pregunta ao vicerreitor e a segunda ao xerente.

A profesora Alonso Escontrela pregunta cando se vai resolver o problema da cafetería da Facultade de Ciencias da Educación de Pontevedra.

O reitor di que trasladará a pregunta ao xerente.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:35 horas do día 4 de marzo de 2004, da que eu como secretaria xeral dou fe co Vº e pr. do reitor.

O reitor　　　　　　　　　　　　　　　A secretaria xeral

Domingo Docampo Amoedo　　　　　　　　Mª Teresa Iglesias Randulfe